

Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*DELEGACIÓN ESPECIAL DE COMPETENCIAS NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE
E CONCELLEIRO DELEGADO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES*

ANUNCIO

En data 9 de xullo de 2025 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía:

"DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28 de xuño de 2024 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes en materia de fomento as competencias municipais relativas a planificación e execución de infraestruturas urbanas.

O Consello da Xunta de Galicia 23 de febreiro de 2012 prestou aprobación ao Plan sectorial de ordenación territorial del Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo.

Posteriormente o Consello da Xunta de Galicia en data de 11 de febreiro de 2021 prestou aprobación ao Proxecto sectorial PS-1 nomeado como "área de vías, espazos libres e infraestruturas" cunha superficie de 20.029 m² que inclúe o vial vertebrador desde o acceso ao recinto da ETEA a través da avenida da Marina Española e finaliza dando acceso á Praza de Armas e ao mar.

Por resolución de la Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 14 de setembro de 2023 prestouse aprobación definitiva ao Proxecto de Urbanización do citado Proyecto Sectorial PS-1.

En abril deste ano en curso a Zona Franca remite proposta de convenio entre o Concello de Vigo, Zona Franca e Xunta de Galicia para o desenvolvemento e execución da urbanización da PS-1 e dun aparcadoiro soterrado, dentro do campus científico tecnolóxico do mar, nos terreos da antiga ETEA.

O interese xeral do convenio para o desenvolvemento das infraestruturas ligadas ao Proxecto Sectorial PS-1 que desenvolve o Plan sectorial de ordenación territorial del Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo aconsella a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento



Mércores, 16 de xullo de 2025

Núm. 134

e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE

PRIMEIRO.— Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento, Servizos e Deportes, F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a formalización e posterior cumprimento do convenio para o desenvolvemento e execución da urbanización da PS=1 e dun aparcadoiro soterrado, dentro do campu científico tecnolóxico do mar, nos terreos da antiga Etea.

SEGUNDO.— A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.— Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.

CUARTO.— Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.”

SGF

Vigo na data de sinatura dixital.

O alcalde-presidente, Abel Caballero Álvarez.

